


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

15-16 de maio do 2021

DOMINGO DA ASCENSIÓN



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *A Cristo cantamos*

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para celebrar a última semana da Pascua en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Xesús foi pouco a pouco preparando aos Apóstolos para que, cando El non estivera, souberan facer o camiño da fe mostrándoa aos outros.

Agora somos nós os que temos que ser responsables e camiñar coma crentes maduros, cribles e capaces de tomar as propias decisións. Todos compartimos unha mesma PASCUA, unha mesma COMUNIDADE, e este é o tema da nosa celebración de hoxe.

É hora de ir retomando pouco a pouco de novo o camiño. Con responsabilidade, precisamos vivir a fe en comunidade e fogar sendo capaces de ser testemuñas da vida de Xesús no medio dela.

(pode acenderse a veliña da Pascua)

🎵 *A Cristo cantamos na luz*

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Rematando o noso camiñar de Pascua, Xesús dinos que vai estar connosco sempre, ata o fin dos tempos. Tratemos de sentir a súa presenza nesta celebración compartida. Sintámolo á nosa beira. escoitemos a súa Palabra e atopémolo na COMUNIDADE de fogar que formamos cos nosos parentes.*

Señor Xesús,
hoxe despídeste dos Apóstolos
pero non os deixas sos.
Sabemos da túa presenza no medio de nós
e de todos os que cremos en Ti.
Fai de nós crentes responsables e maduros na fe
para que saibamos facela vida
e compartila cos nosos irmáns
para chegar a ser unha comunidade viva
e comprometida cos máis necesitados.

🎵 **Quédate Señor connosco**

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que son individualistas e non miran máis que polo seu. A todos nos conceda o seu perdón e nos leve a participar do banquete da vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Esta oración xunta as nosas intencións para pedirlle ao Pai que nos axude a cumprir cos nosos compromisos adquiridos con Xesús de ser a súa COMUNIDADE*

(silenzo)

Deus de misericordia, fainos reloucar con alegría nesta festa da Ascensión de Cristo, na que tamén nós somos elevados onda ti, pois á gloria onda se adiantou el coma cabeza da Igrexa, tamén estamos chamados nós.

Pedímoscho polo noso Señor Xesucristo Resucitado que vive e reina contigo na unidade do Espírito santo, por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) A palabra de Deus proclamada é para nós

Monitor/a:

Sentíndonos unidos na oración, escoitemos a narración da Ascensión e como os Apóstolos volven a Xerusalén cheos de ledicia.

As palabras do Evanxeo de hoxe son motivo de esperanza e axuda para estes momentos que estamos a vivir. Que sexan alento para facer de nós crentes responsables e coherentes coa fe que recibimos e queremos vivir.

LECTURA DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

O primeiro libro fíxeno, Teófilo, acerca de todo o que Xesús obrou e ensinou desde o comezo, ata o día que foi levado ao ceo, logo de ter dado instrucións polo Espírito Santo aos apóstolos que escollera.

Os mesmos aos que tamén se lles amosara vivo, con moitas probas despois da súa paixón, aparecéuselles durante corenta días e faláballes das cousas referentes ao Reino de Deus. E comendo con eles, encomendoulles que non se retirasen de Xerusalén, senón que agardasen a promesa do Pai que me escoitastes a min: porque Xoán bautizou con auga, mais a vós bautizarásevos co Espírito Santo, de aquí a poucos días.

Os que estaban reunidos preguntábanlle:

- Señor, é agora cando vas restablecer o Reino de Israel?

El respondeulles:

- Non vos acae a vós coñecer o tempo ou a oportunidade que o Pai fixou co seu propio poder. Pero recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seredes as miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaría e ata os confíns da terra.

En dicindo isto, elevouse á vista deles e unha nube quitoullo da súa vista. E estando eles fitando para o ceo mentres el marchaba, presentáronselles dous homes con vestidos brancos, que dixeron:

- Galileos, que facedes ollando para o ceo? Este Xesús que vos foi levado de entre vós ao ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir.

Palabra do Señor

♪ 43 *Quen nos vai separar de ti* **SALMO**

Mc 16, 15-20 *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela aparecéndose Xesús aos once, díxolles:

- Ide polo mundo enteiro, anunciando a Boa Nova a toda a creación. Quen crea e se bautice, salvarase; quen non crea, condenarase. Os que crean irán acompañados destes sinais: no meu nome botarán demos, falarán linguas novas; collerán serpes coas mans, e se chegan a beber algún veneno, non lles fará mal ningún; imporánlle as mans aos enfermos, e estes curarán.

O Señor, despois de lles falar así, elevouse ao ceo, e sentou á dereita de Deus. Eles saíron a predicar por todas partes, contando coa colaboración do Señor, que confirmaba a súa palabra cos sinais que os acompañaban.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón

"EU ESTAREI SEMPRE CON VÓS"

Nestas semanas de pascua estamos convidados a afondar nos grandes signos da fe pascual. Cada semana estamos a ter ocasión de deixarnos encher da vida na:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

No taboleiro da PASCUA

Celebrante

A PASCUA DE COMUNIDADE, fogar de fogares, parroquia de parroquias na Unidade Pastoral de Os Cotos.

Seguro que moitas veces non estamos de acordo e criticamos o que se fai nestas nosas parroquias. Agora sería bo que nos fixáramos só no que teñen de bo. Que é o mellor da nosa parroquia?

En que momentos temos sido unha parroquia acolledora?

En que momentos ou lugares amosamos que somos unha comunidade coidadora?

En que ocasións temos amosado que somos unha comunidade atenta ás necesidades que pode ter un veciño ou unha veciña?

Que bo poderían dicir do noso facer comunidade na igrexa parroquial?



PASCUA na COMUNIDADE

Igrexa que cree, vive e comparte

A igrexa é unha comunidade que necesita das nosas mans, dos nosos traballos, dos nosos esforzos polos máis empobrecidos.



Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí estou no medio deles. Mateo 18, 20



Os Cotos, somos unha igrexa que imos construíndo entre todos, unha comunidade de parroquias facendo un camiño compartido.



A nosa Igrexa, comunidade viva, apreza ás persoas sen facer diferenza de raza, lingua, cultura ou territorio.

Moitos somos igrexa, somos pedras vivas que servimos dignamente para o proxecto de Xesús; regando a terra da xustiza pascual, servindo para dar esperanza, coidados, paz, alimento...

A Igrexa é unha maquinaria que coa palabra transforma os corazóns para que a vida teña color e sentido.



Como comunidade cristiá aprendemos a traballar polos dereitos de todos, sobre todo dos máis pequenos e necesitados.



A igrexa faise crible en comunidade, acolledora, coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados.



(en pé) **PROCLAMAMOS A NOSA FE**

Celebrante Neste tempo da Pascua, compartindo a vida da fe en COMUNIDADE, antes de proclamar o credo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal

○ **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar contra o que nos aparta de Deus e fire aos irmáns e á terra?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a insolidariedade e a envexa?

Si, estamos dispostos

Celebrante Coma COMUNIDADE, deixándonos quecer á beira do lume da fe, renovamos agora o noso credo: o do Resucitado que se queda con nós.

Monitor/a

Crede en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima e nos dá folgos co seu corazón cheo de vida e tenrura para todos?

SI, CREEMOS

Crede en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre disposto a facer ben, acollendo e dando unha man para COIDAR e mellorar a vida de cada muller e cada home?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo mellor COIDADADO e que nos alenta forza para estar á beira de quen se sente inxustamente tratado?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en cada fogar, dando unha man para facer do mundo e da natureza casa común na que todos os homes e mulleres merecen dignidade e respecto?

SI, CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Na COMUNIDADE do fogar, como familia, sentindo vivo en Xesús o Evanxeo, dirixímoslle a El as nosas voces coas que queremos facernos cribles; dicimos

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a

✓ Señor, queremos rezar por nós. Que con palabras e feitos sigamos dando vida á nosa comunidade parroquial. Oremos

✓ Señor, queremos pousar a nosa mirada nas terras polas que camiñou Xesús. Hoxe están vivindo violencia en Israel, Gaza, Palestina. Así non se fai COMUNIDADE. Oremos

✓ Señor, tamén queremos rezar dando grazas por todas as persoas que fan vida e fogar á nosa beira. Oremos

✓ Señor, mirando para as nosas aldeas, queremos rezar por todas as persoas que dan vida a esta nosa terra traballando no campo, que sempre sexan recoñecidos e valorados os seus traballos. Oremos

✓ Señor, preto do Día das Letras Galegas, lembrámonos tamén de todos nós, para que nos sintamos orgullosos da nosa fala, da nosa cultura, da nosa Galiza, oremos

✓ Finalmente lembramos a todas as persoas que o están pasando mal por culpa da COVID-19 aquí, na India ou onde sexa. Oremos

Celebrante Señor Xesús, Ti disnos “Eu estarei con vós”.

Que saibamos escoitar a túa Palabra e recoñecerte na igrexa do fogar, que fai crible a luz do Evanxeo. Pedímoscho a Ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente, amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante:

Con Xesús queremos rezar a oración que El mesmo nos ensinou. Con ela pedimos vida para nós e para todos os que formamos a Unidade Pastoral de Os Cotos.

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante:

PAZ CONVOSCO é o saúdo do Resucitado. Hoxe o signo da paz neste momento quere mostrar que todos nós somos irmáns, somos COMUNIDADE, amándonos uns aos outros ao xeito de Xesús. Aínda que non poidamos mostralo cun bico ou unha aperta, por responsabilidade, que o noso corazón transmita esa irmandade desexándonos o mellor uns aos outros.

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: *Da man dos Apóstolos botaba a andar a primeira comunidade dando testemuño da Resurrección. Facíano dende a igualdade e co trato digno que se merecían todas as persoas.*

Nós, que formamos parte desa COMUNIDADE, queremos tamén ser fogar na nosa parroquia facendo crible o mandamento de Xesús de amarnos uns a outros coma irmáns.

Ditosos nós que hoxe somos convidados a compartir a IGREXA do Señor.

CANTO 🎵 *No colo da miña nai*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a celebración que temos compartido, nos alente no esforzo por guiar os nosos pasos polos vieiros do teu reino, dando froitos dabondo para os demais. Pedímoscho por Cristo que vive e reina Resucitado para sempre eternamente. Amén.

Pola RESURRECCIÓN de Cristo Deus salvounos e concedeunos o don de sermos fillos seus. Que El nos alegre coa súa bendición. Amén

Mediante Cristo Deus fíxonos partícipes da súa VIDA. Que El nos conceda tamén termos parte na vida eterna. Amén

Pola fe do bautismo resucitamos con Cristo. Que polo camiño dunha vida crible nos feitos merezamos chegar ao REINO do ceo. Amén

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.




**Bendito ti, Xesús resucitado
coas feridas da lanza e mais os cravos.
Bendito para sempre ti es loado,
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá
e no cantar do paxaro ao espertar.
Bendito na auga fresca e rebuldeira
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece
o duro traballar coa súa anada,
bendito na esperanza que se esforza
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84
do noso cancionero de Os Cotos)*

ALELUIA !! “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA